

CONCELLO  
DE VIGO



# son de vigo

PRAZA DA CONSTITUCIÓN - 22:30

LUNS, 30 DE XULLO

ARIES  
THE BLOWS

MARTES, 31 DE XULLO

MONICA DE NUT  
THE SOUL JACKET

MÉRCORES, 1 DE AGOSTO

KAIXO SAMA vs ELECESAR  
BFLECHA

XOVES, 2 DE AGOSTO

CAMARADA NIMOY  
INCUPLADOS

AUDITORIO DE CASTRELOS - 23:00

VENRES, 3 DE AGOSTO

OS RESENTIDOS  
SINIESTRO TOTAL



MÁIS INFO:  
VIGOCULTURA.ORG

## **Festival Son de Vigo**

**Concello de Vigo. Do 30 de xullo ao 3 de agosto**

**Praza da Constitución + Auditorio do Parque de Castrelos**

Dentro do programa de Festas do concello de Vigo a creatividade musical da cidade terá un lugar destacado coa celebración do festival Son de Vigo do 30 de xullo ao 3 de agosto. Os grupos locais tomarán o escenario da Praza da Constitución durante catro días e darán paso a un gran peche no Auditorio de Castrelos con *Os Resentidos* e *Siniestro Total* en directo o venres 3 de agosto. A escena emerxente viguesa darase cita nos días previos na Constitución, do luns 30 ao xoves 2, da man dos grupos The Blows, Aries, Mónica de Nut, The Soul Jacket, Kaixo Sama VS Elecesar, Bflecha, Camarada Nimoy e Inculpados.

Un espazo propio e relevante para a música feita en Vigo dentro das festas de verán. Esta é a filosofía que impulsan á Alcaldía e ao departamento de Cultura e Festas co Festival Son de Vigo, un punto de encontro para os artistas que desde a cidade proxectan o seu traballo cara novos mercados e públicos. Artistas con traxectorias consolidadas no seu terreo, novos grupos que emerxen na escena local, propostas case descoñecidas na cidade que atopan eco fóra dela e, como guinda, un directo de dous dos grupos máis relevantes na historia musical viguesa e galega como son *Siniestro Total* e *Os Resentidos*. Ese é o menú do Festival Son de Vigo 2012.

O festival arranca cun prato forte que protagonizan dous grupos con ampla proxección fóra da cidade e que contan con traballos novos. Por unha banda, Aries, o proxecto da que fora cantante das Charades, a bilbaína con base en Vigo Isa Fernández Reviriego, e, por outro, The Blows, a exitosa banda da cidade que chega ao festival con disco novo baixo o brazo: *Ejército de fantasmas*. Dúas propostas que se complementan: do pop de autora de Aries á potencia sonora de The Blows para o luns 30. Esa é a idea de Son de Vigo 2012, ofrecer cada día un programa dobre con proxectos que respondan á idea da diversidade de camiños que percorre a música de Vigo na actualidade.

A forza vocal é o fío común dos artistas participantes no festival o martes 31 de xullo: Mónica de Nut e o grupo The Soul Jacket. A cantante, actriz e performer, xa cunha boa andaina tras dela, levará á Praza da Constitución o repertorio do seu último disco. A banda The

Soul Jacket mostrará porque leva sorprendendo tanto ao público co seu *soul* nos últimos tempos. O mércores 1 de agosto será a noite do rap, da electrónica e dos djs con Kaixo Sama vs Elecesar, proposta que xunta a estes dous rapeiros que levan traballando xuntos máis de cinco anos, e Bflecha, dj, vocalista e produtora, habitual dos festivais de electrónica, como o Sónar de Barcelona, no que participou en 2010. Os concertos da Praza da Constitución pecharán o xoves 2 de agosto coa proposta instrumental de Camarada Nimoy e o seu swing espacial, e Inculpados, unha banda de estética *rockabilly* cuxos temas orixinais son interpretados ao estilo do rock and roll clásico.

Son de Vigo desprázase ao Auditorio de Castrelos o venres 3 de agosto ás 23h para reunir a dúas bandas fundamentais para entender non só a música desta cidade senón á cidade en sí mesma. Tres décadas despois de asomar á súas cabezas á movida, Siniestro Total e Os Resentidos poñen o peche ao festival nun concerto único neste verán.

**Luns 30 de xullo. 22.30h**  
**Aries + The Blows**

### **Aries**



En "Magia Bruta" de Aries a melodía domina todo, é o centro do universo. Isabel Fernández Reviriego, guitarrista, cantante e compositora, ten o don de aliñar os astros no seu interior. Pode facelo ao seu antollo. Isabel é como un pararraios. Concentra os Raios Melódicos Cósmicos (RMC) e nolos transmite en forma de canción e de disco. Estes raios RMC dan calor no inverno e refrescan no verán, son o mellor. Enrédannos o cabelo e belíscannos as meixelas. Pasan por riba dos nosos ombros e serven de superescudo protector contra a imbecilidade, como se fosen unha capa das que levan os superheroes. Descubrimos como o facía á fronte de Charades, un grupo que marcou un antes e un despois no devir astrolóxico do selo barcelonés Bcore (e dos estudos Ultramarino Costabrava), e o mesmo con Aries. A súa irmá Virginia axúdaa a sintonizar a frecuencia adecuada e tamén colabora engadindo baterías ao disco, que foi gravado en boa parte nos Estudios Pastora de Vigo coa axuda de José Vázquez.

### **The Blows**



En 2006 gravan a súa primeira maqueta e desde aquela emprenderon un camiño ben exitoso no pop rock da península. The Blows é a banda con maior percorrido fóra das fronteiras locais xurdida nos últimos anos cunha receita tan básica como efectiva: o boca a boca. O grupo, formado por Roy Basanta, voz, Bruno Mosquera e Tarci Ávila, guitarras, Álex Lago no baixo e Manu Ares na batería, naceu con claras referencias ao momento musical e con conexións co que bandas como The Strokes ou Franz Ferdinand estaban a facer. Co seu primeiro disco oficial, *Upskirts* (2009), subiron aos escenarios de Paredes de Coura, BBK Bilbao Live ou Festival do Norte, entre outros; comezaron a acaparar premios e ser reclamados en practicamente todos os festivais pop da península. Veñen de presentar o seu último traballo, con temas en castelán, titulado *Ejército de Fantasmas* e para Son de Vigo é un pracer contar cunha banda que xa é parte da historia musical da cidade.

**Martes 31 de xullo. 22.30h**  
**Mónica de Nut + The Soul Jacket**



### **Mónica de Nut**

Cantante de ópera, jazz, música de raíz e música experimental, Mónica de Nut trae agora entre mans o seu proxecto discográfico de trío xunto ao baixista Paco Dicenta e o guitarrista Virxilio da Silva. Con letras do poeta Manuel Cuña Novás e súas propias, o proxecto en palabras do crítico José Manuel Pérez Rey: "Mónica de Nut Trío propoñen un repertorio tan atrevido como atraínte. Introdúcense no folclore galego, caso de *Eu chorei e Por que no hei de cantare*; como entran nos estándares de jazz, con *My Funny valentine*, do que fan unha versión moi resolta; e atrévense a entrar na música clásica cunha solvente versión de *Music for a while* de Henry Purcell, e todo iso sen esquecer as composicións propias, obra do baixista e da cantante. Esta variedade musical ven propiciada polas posibilidades vogais de Mónica de Nut, que traballou tanto no mundo da música clásica como no do folk galego. A súa forma de traballar as súas músicas e a súa voz, trae á memoria tanto a Maria Joao como a Lila Downs". Mónica de Nut participa en Son de Vigo acompañada do guitarrista Virxilio da Silva.

### **The Soul Jacket**




Xuntáronse hai preto de oito anos pero veñen de lanzar o seu primeiro traballo en forma de disco: *Wood Mama*, un compendio de rock clásico, soul e blues, gravado con Hendrik Rover, líder de Los Deltonos. Os integrantes desta banda son Toni López, voz e percusión, Jorge Mizer, guitarra, steel guitar, teclados e coros, Guillermo Gagliardi, guitarra, Jann Zerega, baixo e Mauro Comesaña, batería. Paixón e son vibrante súmanse a unha forza vocal que os converteu nunha máis que agradable sorpresa na escena musical local dos últimos tempos. Encarnan a alma da música norteamericana como poucos e no seu traballo podemos viaxar aos sons de Alabama pero tamén á escola dos mellores *Rolling Stones*. Inspirados na década dos setenta, The Soul Jacket están imparables tocando alá onde teñan oportunidade o seu repertorio honesto e artesán que afonda nas raíces do rock.

## Mércores 1 de agosto. 22.30h Kaixo Sama VS Elecesar + Bflecha



### **Kaixo Sama VS Elecesar**

Kaixo e César levan traballando xuntos máis de cinco anos, son un equipo de directo que intenta levar a súa idea do rap a todos os campos posibles, un rap para todo tipo de persoas e persoalidades. Deron concertos por Galicia desde antes dos dezoito anos, tocando cunha lenda do rap como Lil Dap (Group Home) ou con Termanology de New York en varios concertos, aparte de producir e organizar distintos eventos na cidade de Vigo desde o seu soporte Banana Bahia Music. En varios deles colgouse o cartel de *sold out*. Kaixo e César teñen unha idea clara, albiscan un optimismo musical para este país, o seu son camiña entre o abstracto e o concreto, dentro dun mundo tan pechado como é o rap, con demasiada sobrecarga de moralidade e mensajes dogmáticas, esquecendo o verdadeiramente importante, que é a música. En 2012 pegan un chimpno na súa carreira, e aventúranse a levar o seu produto a cidades como Zaragoza, Madrid, San Sebastian, Xixón...



### **Bflecha**

Bflecha é unha produtora, Dj e vocalista que vive en Vigo e que leva tras de si unha carreira considerable, pasando por diferentes estilos e formacións. Tras curtirse en escenarios da península (incluídos festivais como Sónar ou Urban Funke), Portugal, Alemaña e Reino Unido, decide centrarse no seu proxecto en solitario. O EP *Qvasi Naves* é o su regreso en Arkestra Discos, do que é cofundadora, que segue a liña do seu anterior traballo "Ceja De Carnival / Kosmic Lovers". Aleacións da decada dourada do pop español, R&B, electrónica contemporánea e clásicos de *house* na procura definitiva da música pop do século vinte e un. Os temas, totalmente producidos e escritos por Bflecha non só teñen o visto bo do *Sónar 2010* e *Sónar Sound Tokyo 2011* senón que tamén foron incluídos por DJs como Rustie (Warp, Uk) ou Sinden (Kiss Fm, Uk) nas súas sesións. Como DJ, podemos ver a súa parte máis lúdica e bailable, trazando liñas do presente ao futuro e saltando do *electro-funk*, italo disco ou *latin freestyle* ao disco contemporáneo, ou de clásicos do house de Chicago ás vertentes máis experimentais de UK como o *dubstep* ou o *UK Funky*, sen olvidar algunha perla de Pop ou New Wave dos oitenta, facendo un cóctel que fai imposible que non movas os pes.

## Xoves 2 de agosto. 22.30h Camarada Nimoy + Inculpados



### Camarada Nimoy

Camarada Nimoy non son unha banda de surf nin de swing nin de jazz. Pero gustan de todos e cada un deses xéneros. Tampouco os seus membros son uns fanáticos trekkies de orellas en punta, pero están fascinados pola vasta multitarefa musical e poética de Leonard Nimoy, maiormente coñecido polo seu papel de Dr. Spock en Star Trek. Camarada Nimoy é a reunión de catro músicos cun obxectivo: levantar unha proposta propia que se alimenta da música lounge pero tamén do surf terror. Nalgún momento, Mancini; a seguir, Man or Astroman? Sen poñer cotos ás posibilidades sonoras, pero coa idea de seren recoñecibles. O grupo está formado por Pablo Muñiz (Transilvanians, Foggy Mental Breakdown) ao baixo, Gontxu Muiños (Skacha, Keltoi) a guitarra eléctrica, Diego de Luis (To Nowhere, Foggy Mental Breakdown), batería, e Paulo Pascual (Foggy Mental Breakdown, Trem Fantasma) a guitarra eléctrica e o theremin. Lanzada por músicos procedentes de grupos máis escorados cara o rock, a proposta de Camarada Nimoy extrae deles outra experiencia. Unha estrutura dos temas tan peculiar como traballada e o uso da electrónica danlle un carácter diferenciado ao son da banda.

### Inculpados



Tras andar embarcados en diferentes proxectos, en 2011 Mat Díaz, voz e baixo, José Cabañas, guitarras, Jorge Rogero, saxo, e Isabel Mariño, batería, deciden xuntarse para facer o seu particular "swing & roll". A súa sonoridade busca o clásico, con gustos polo *rhythm&blues*, *country* e *swing*. A esta identidade tamén contribúe a súa querenza polas guitarras de caixa, saxos e micros con anos de historia e amplis a válvulas. O seu estilo retro xa foi presentado en diferentes clubs e festivais tanto en Galicia como fóra.

## Venres 3 de agosto. 23h. Os Resentidos+ Siniestro Total

### Os Resentidos



Os Resentidos, con Antón Reixa ao fronte, irrompían no panorama vigués hai tres décadas facendo cumbias chinas e cantando á reconversión naval. Os Resentidos, cuxa formación orixinal estaba integrada, ademais de por Reixa, por Javier Soto á guitarra, Alberto Torrado no baixo e Rubén Losada no saxo, convertéronse nun sinónimo da modernidade do país. Daban forma a unha poesía contemporánea en galego e expandíanse sen complexos desde aquel primeiro disco *Vigo capital Lisboa* (1984). Co disco *Fai un sol de carallo* (1986) e o single do mesmo título converteron a música feita en Galicia nun *hit* malia que ninguén acertase a comprender a estraña idiosincrasia daquela banda liderada por un poeta que se movía na República de Sitio Distinto. Virían máis discos como *Música Doméstica* (1987), *Fracaso Tropical* (1988), *Jei* (1990), *Delikatessen* (1992) e *Xa están aquí* (1993) antes da disolución definitiva do grupo. En 2012 reúnen de novo, desta volta en Ourense, para conmemorar o seu trinta aniversario rodeados dunha mancha de amigos músicos. Castrelos acolle agora a Os Resentidos, o grupo que fixo de Vigo un motivo musical e que xa forma parte da cultura popular galega.

### Siniestro Total



A finais de 2011 Siniestro Total celebraron os trinta anos desde a realización do seu primeiro concerto. Facían nun ano no que obtiñan unha vez máis o recoñecemento do público co album *Country & Western* e emprendían o proxecto *Land of Opportunity* co Taller Atlántico Contemporáneo. Trinta anos en racha que tamén se van conmemorar no concerto que Son de Vigo programa para o Auditorio de Castrelos. En 2012 Siniestro Total emprendeu a xira de celebración "Tierra Ignota" que os levou por toda a península; acaban de chegar de Colombia onde participaron no multitudinario festival Rock al Parque de Bogotá. En definitiva, trinta anos non son nada e a formación composta por Julián Hernández, Javier Soto, Ángel González, Jorge Beltrán e Óscar G. Avendaño segue a dar moita guerra, novas reviravoltas e extraordinarias reinvenções que os manteñen sempre no cumio da música do Estado. Queda demostrado nos seus directos e o de Castrelos sen dúbida será unha festa que decorrerá entre o punk dos inicios e o rock clásico do que gustan nos últimos tempos. Siniestro Total é xa parte da historia da cidade de Vigo e, a xulgar polo seu xeito de encetar proxectos, a banda ten folgos de abondo para afrontar o futuro.